




DXPICA/SXG/SSA/MMM



**Presidente da Federación Galega de Caza  
Estadio Multiusos de San Lázaro, porta 12  
15707 Santiago de Compostela**

## **ASUNTO: NORMATIVA SOBRE VEHICULOS DE TRANSPORTE DE CANS DE CAZA**

No Servizo de Sanidade Animal da Subdirección de Gandería (Consellería do Medio Rural), temos recibido por diversos medios, consultas sobre a interpretación normativa en materia de contenedores ou medios de transporte para cans de caza. Basicamente, as consultas refírense á obriga de rexistro destes vehículos e á esixencia de formación e capacitación en materia de benestar animal, para as persoas que transporten estes animais.

Por esta razón, dámoslle a coñecer a información que estamos remitindo desde este departamento. A normativa de directa aplicación nesta materia é a seguinte:

- ***O Regulamento (CE) 1/2005 do Consello, de 22 de decembro de 2004, relativo á protección dos animais durante o transporte e as operacións conexas e polo que se modifican as Directivas 64/432/CEE e 93/119/CE e o Regulamento (CE) nº 1255/97, (D.O.C.E do 5 de xaneiro de 2005), exclúe do seu ámbito de aplicación os transportes que non ser realicen en relación cunha actividade económica.***
- ***O Real decreto 751/2006, de 16 de xuño, sobre autorización e rexistro de transportistas e medios de transporte de animais e polo que se crea o Comité Español de Benestar e Protección dos Animais de Producción (B.O.E nº 150, do 24 de xuño de 2006), establece no seu artigo 6.4 que deberán rexistrarse os contenedores e medios de transporte usados para o transporte de cans, gatos e furóns cando se transporten simultaneamente 6 ou máis animais. Esta esixencia, en aplicación da Disposición transitoria única deste Real decreto, e esixible, a data de hoxe, se realice ou non en relación cunha actividade económica.***

Asimesmo, no seu artigo 8, de formación, establece a esixencia da realización de cursos de formación de 20 horas de duración para aqueles supostos nos que así se estableza na normativa vixente (esta normativa, o Regulamento (CE) 1/2005, esixe unicamente tal formación



para os condutores ou coidadores de vehículos por estrada de équidos, bovinos, ovinos, cabrúns, porcinos e aves de curral).

- Por outra banda, está en vigor a **Lei 1/93 de 13 de abril, de protección de animais salvaxes e domésticos en cautividade ( D.O.G. de 22 de abril )**, que no seu artigo 4 di que "o transporte de animais obxecto da presente Lei deberá efectuarse dacordo cas peculiaridades propias de cada especie; ó mesmo tempo tendrán que cumprir os requisitos hixiénico-sanitarios exisidos pola normativa específica e aqueles outros que reglamentariamente se determinen."
- Asemade, no **Decreto 153/98, de 2 de abril, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Ley 1/93 (D.O.G. de 5 de xuño)**. No seu artigo 47 reitera o recollido na dita lei, dicindo que " o transporte de animais domésticos e salvaxes en cautividade se realizará nas debidas condicións hixiénicas e sanitarias, debéndose respectar en todo caso as condicións específicas previstas na normativa vixente sobre protección dos animais durante o transporte".

Co fin de clarificar este tema, entendemos necesario facer as seguintes precisións:

1. Se ben todos os contenedores e medios de transporte adicados ao transporte de cans de caza, deben cumprir unhas condicións adecuadas desde o punto de vista da hixiene, sanidade e benestar dos animais que se transporten, a efectos da obriga de rexistro no "Rexistro Xeral de transportistas, contenedores e medios de transporte de animais", **non é obrigatoria a súa inscrición neste rexistro sempre que se transporten menos de 6 cans**. Porén, ante a posibilidade de que o contenedor ou medio de transporte poda ser utilizado no futuro para o transporte de 6 ou máis cans ou sexa posible o seu uso para o transporte doutras especies, recoméndase o seu rexistro.
2. No caso de que o contenedor ou medio de transporte, se utilice para o **transporte de 6 o máis cans**, independentemente de que o transporte **se realice ou non con finalidade económica ou comercial, debe rexistrarse** no rexistro oficial antedito. Para levar a cabo o rexistro, o titular debe dirixirse á Oficina Agraria Comarcal donde ese medio de transporte estea ubicado. Por outra banda, os titulares dos contedores ou medios de transporte rexistrados previamente ao 5 de xaneiro de 2007, (data de entrada en vigor do Regulamento (CE) 1/2005 do Consello, de 22 de decembro), deberán cumprir todos os requisitos esixidos na dita normativa, polo que procederán á súa actualización administrativa, seguindo as instrucións dos servizos veterinarios oficiais das Oficinas Agrarias Comarcais.



3. Respecto á esixencia ou non da acreditación da formación en materia de benestar animal (certificado de competencia) para a persoa que transporte os cans, informamos que **na Comunidade Autónoma de Galicia non é esixible a tenencia desta acreditación.**

Esta interpretación axústase estritamente, como se indica arriba, ao reflectido na normativa vixente, o *Regulamento (CE) 1/2005* do Consello, de 22 de decembro de 2004, e o *Real decreto 751/2006*, de 16 de xuño, non existindo normativa propia a este respecto na Comunidade Autónoma de Galicia.

4. Porén, é necesario suliñar que existen Comunidades Autónomas que contan con normativa propia de regulación destes aspectos, da que se pode derivar un maior nivel de esixencia, no seu territorio, tanto respecto á autorización destes medios de transporte como no referido á acreditación da formación en materia de benestar animal para o persoal que os transporta.
5. A consecuencia desta situación e tendo en conta que, moitos dos cazadores rexistrados en Galicia tamén realizan a actividade cinxética fora do territorio galego, **recoméndase** o rexistro dos contenedores ou medios de transporte, así como a tenza da acreditación da formación en benestar animal. Para obter esta acreditación, o titular do contedor ou medio de transporte pode acudir á Oficina Agraria Comarcal, donde lle informarán das posibilidades existentes.

Finalmente, lle comunicamos que esta información foi tamén remitida ao Servizo de Protección da Natureza da Garda Civil e á Policía Autonómica de Galicia. Por outra banda, se teñen cursado instruccións ao respecto aos Servizos Provinciais de Gandería da Consellería do Medio Rural coa finalidade de garantir unhas actuacións homoxéneas en todo o noso territorio.

Santiago, a 22 de decembro de 2008  
O xefe do Servizo de Sanidade Animal

Jorge Enrique Moure de Estella